

Proxecto Educativo (PE)

Documento III

Organización pedagóxica

Concreción curricular:

- Criterios xerais sobre a avaliacións
- Criterios de promoción e titulación
- Criterios para a titulación de graduado ESO ao alumnado de F.P. Básica
- Criterios para a concesión de matrícula de honra
- Aspectos xerais para a elaboración das programacións didácticas.
- Itinerarios e optatividade na ESO
- Modalidades, itinerarios e optatividade no Bacharelato

Documentos asociados:

Plan de Orientación académica e profesional

Plan de Acción Titorial

Plan de atención á diversidade

Plan lector

Proxecto Lingüístico

Proxecto TIC

Plan de Fomento da Lingua Galega

Criterios xerais sobre a avaliación

Para desenvolver a avaliación nos diferentes niveis educativos con presenza no instituto, establécense as seguintes pautas xerais:

a) Ao comezo do curso, cada departamento didáctico repasará o procedemento de avaliación empregado para cada unha das materias, ámbitos e módulos nos seus distintos niveis e que se recollerá na programación didáctica e nas minipresentacións. Sempre que se acorden cambios que modifiquen o expresado nos documentos aludidos, estes serán comunicados á xefatura de estudos. Todos os acordos deberán ser rexistrados nas actas de reunión ordinaria dos departamentos didácticos.

b) No caso de que dous docentes impartan a mesma materia no mesmo nivel en dous grupos distintos, o departamento establecerá as medidas de coordinación oportunas. Entre elas, as probas de calibración. Consisten en que varios docentes apliquen os criterios definidos nas sucesivas reunións de homoxeneización ante unha mesma proba avaliativa real da materia e nivel que impartan, e se comparen as calificacións outorgadas por cada un deles; as calificacións outorgadas deben estar dentro dun rango preestablecido. As probas de calibración levaranse a cabo preferentemente durante o primeiro trimestre do curso. É recomendable repetir no caso de que modifiquen os criterios de avaliación; cando un novo membro do departamento se incorpore á impartición desa materia; ou ao rexistrarse reclamacións ás cualificacións por parte do alumnado. Para cada unha das calibracións a xefatura de departamento elaborará un informe cos resultados obtidos por cada un dos docentes calibrados e, cando existan desviacións, as conclusións da reunión do departamento. Unha copia dese informe debe ser trasladada á xefatura de estudos para o seu rexistro.

c) Os resultados da avaliación expresaranse nos termos seguintes: insuficiente (IN), suficiente (SU), ben (BE), notable (NT) e sobresaliente (SB), acompañados dunha cualificación numérica na escala do 1 ao 10, sen cifras decimais, considerándose cualificación negativa o insuficiente e positivas as restantes, correspondendo ao IN do 1 ao 4, ao SU o 5, ao BE o 6, ao NT o 7 e 8, e ao SB o 9 e 10. Neste sentido hai que distinguir entre a cualificación de avaliación e cualificación final de curso.

Durante o curso realizaranse tres avaliacións parciais. En cada unha delas o docente confeccionará para cada alumno/a unha cualificación de avaliación en base a todos os

aspectos curriculares obtidos ao longo da avaliación. Cada docente confeccionará a nota final de curso para cada alumno/a en base aos criterios de cualificación entregados á xefatura de estudos e reflectidos na correspondente programación, tendo en conta o carácter continuo da avaliación do alumnado na ESO en todas as materias.

Cando un alumno/a non se presente ás probas da convocatoria extraordinaria, nos documentos de avaliación, no apartado “observacións” farase constar “non presentado”. Nos resultados debe aparecer as medidas tomadas co alumnado se fora o caso como indicamos a continuación:

- E: Exención
- V: Validación
- ACS: Adaptación curricular significativa
- RE: Reforzo educativo

d) Durante o curso escolar desenvolveranse unha avaliación inicial e tres sesións de avaliación parcial, coincidindo a última coa avaliación final ordinaria. Con anterioridade ao inicio de cada avaliación, cada docente introducirá as cualificacións do alumnado no programa XADE.

As sesións de avaliación serán dirixidas e coordinadas pola persoa titora do grupo e nelas participará todo o profesorado que imparte docencia ou apoio nel e contará co asesoramento do departamento de Orientación. Nelas trataranse, por esta orde:

1. Cuestións de carácter xeral: porcentaxes de suspensos e aprobados, incidencia das faltas de asistencia, problemas de convivencia e organización que afectasen ao rendemento ou ao desenvolvemento da programación, etcétera.
2. Cuestións a destacar relativas a cada materia.
3. Relación das conclusións obtidas para cada alumno ou alumna: recollida da información emitida por todo o profesorado do grupo no informe.

Durante o desenvolvemento da exposición do titor/a o resto dos membros da xunta de avaliación intervirán para matizar e opinar sobre as cuestións académicas das que se vaia facendo mención. Simultaneamente o titor/a irá recollendo por escrito todos aqueles

elementos que a xunta de avaliación vaia asumindo como conclusións finais referentes ao grupo en xeral, de cada materia ou grupo de materias e de cada alumno e alumna en particular. No caso de que tal labor non se fixese durante a fase anterior do debate, farase a proposta e valoración das medidas de adaptación pertinentes a adoptar de forma individualizada para cada alumno/a e materias que se precise, ou ben para cada materia, a aplicar ao grupo de xeito colectivo. Neste punto prestaráselles atención especial aos casos excepcionais que merezan un tratamento máis coidadoso.

No proceso de avaliación continua a cualificación de cada unha das materias será decidida polo docente que as imparta. Con carácter xeral, as decisións adoptadas polo equipo docente irán referidas á promoción e titulación do alumnado, ás medidas de atención á diversidade e a todas aquelas que incidan no proceso educativo do alumnado. De non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisións requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros.

No suposto que no desenvolvemento da sesión de avaliación a nota dun alumno/a sexa modificada, o docente da materia implicada e o representante da dirección encargaranse expresamente de modificar dita nota no programa XADE nese momento.

Sesións de avaliación inicial

Establecerase para cada grupo ao comezo do curso unha sesión de avaliación inicial que incluíra a análise dos informes persoais da etapa ou curso anterior, incidindo nas propostas de intervención acordadas na sesión final ordinaria ou extraordinaria do curso anterior, se fose o caso. O titor/a e/ou orientador/a informará das conclusións das xuntanzas do equipo de avaliación do grupo realizadas con anterioridade ao comezo da presente avaliación, nas que se puidesen concretar as citadas propostas. Nesta avaliación remataranse por decidir as medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumno/a co fin de facilitar o seu progreso.

Sesións de avaliación final ordinaria e extraordinaria

Desenvolveranse nos meses de xuño e setembro respectivamente e a elas asistirá como mínimo, un membro do equipo directivo, preferentemente o xefe/a de estudos. Nelas decidírase sobre a promoción e/ou titulación. O alumnado que non supere todas as materias no mes de xuño será avaliado das mesmas na sesión extraordinaria de setembro.

O alumnado con materias pendentes será avaliado con anterioridade ás citadas avaliacións, nas correspondentes convocatorias ordinaria (mes de maio) e extraordinaria (mes de setembro) das materias pendentes.

Criterios de promoción e titulación - LOMCE

Conforme ao Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Promoción: 1.º, 2.º e 3.º ESO

Os alumnos e as alumnas terán promoción de curso no caso de superaren todas as materias cursadas ou teren avaliación negativa en dúas materias como máximo, e repetirán curso cando teñan avaliación negativa en tres ou máis materias, ou en dúas materias que sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.

De forma excepcional, poderá autorizarse a promoción dun alumno ou unha alumna con avaliación negativa en tres materias cando se dean conxuntamente as seguintes condicións:

- a) Que dúas das materias con avaliación negativa non sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.
- b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias con avaliación negativa non lle impide ao alumno ou á alumna seguir con éxito o curso seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución educativa.
- c) Que se lle apliquen ao alumno ou á alumna as medidas de atención educativa propostas no consello orientador.

Poderá tamén autorizarse de xeito excepcional a promoción dun alumno ou unha alumna con avaliación negativa en dúas materias que sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas, cando o equipo docente considere que o alumno ou a alumna poden seguir con éxito o curso seguinte, que teñen expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución educativa, e sempre que se lle apliquen ao alumno ou á alumna as medidas de atención educativa propostas no consello orientador.

Para os efectos deste apartado, só se computarán as materias que como mínimo o alumno ou a alumna deben cursar en cada un dos bloques. No bloque de materias de

libre configuración autonómica só se computará Lingua Galega e Literatura, con independencia de que os alumnos e as alumnas poidan cursar máis materias do devandito bloque. As materias coa mesma denominación en diferentes cursos da educación secundaria obrigatoria consideraranse como materias distintas.

Criterios de promoción no IES Mugardos – ESO

A excepcionalidade da promoción terá en conta ademais os acordos tomados desde hai anos no IES de Mugardos:

No caso de que, unha vez realizadas as probas extraordinarias, un alumno/a teña tres materias non superadas (incluídas as pendentes), o equipo avaliador debatirá baixo a orientación da persoa titora e asesorado polo departamento de orientación, a posibilidade de promoción ou non do alumno/a, intentando lograr un acordo por consenso tendo en conta os criterios necesarios para estimar a madurez do alumnado e as súas posibilidades de recuperación e progreso nos cursos posteriores.

Non se considera a promoción con tres materias non superadas nos seguintes casos:

- Que a cualificación obtida nas probas extraordinarias nalgunha das tres materias non superadas sexa inferior a tres.
- Que nalgunha das tres materias non superadas existira durante o curso situación de abandono (*)

En caso de discrepancias, realizarase unha votación do equipo de profesores/as na que se decidirá, por maioría simple, a promoción ou non do alumno/a. Nesa votación cada profesor/a emitirá un voto por área ou materia impartida. Todos os membros do equipo docente da avaliación están obrigados a votar, chegado o caso, si ou non á promoción.

Para a aplicación destes criterios é necesario que o alumno/a se presente ás probas extraordinarias de setembro.

Considerarase situación de abandono cando se dea algunha das seguintes circunstancias:

- Non traer con regularidade o material necesario para o desenvolvemento das actividades de clase.

- Negarse a facer as tarefas de clase ou non participar nas actividades propostas incluídas as probas de avaliación.
- Non responder aos esforzos e medidas de atención destinadas a superar as dificultades nas materias avaliadas negativamente.

Os posibles casos de abandono serán notificados ás familias pola xefatura de estudos. Para iso o profesor/a da materia obxecto de abandono emitirá un informe onde se detallarán as circunstancias do mesmo, que entregará ao titor/a para a súa valoración e tramitación diante da xefatura de estudos.

PMAR

O alumnado que curse o Programa de Mellora da Aprendizaxe e o Rendemento promocionará ao cuarto curso se supera todos os ámbitos e materias que integran o programa. Non obstante, poderá promocionar o alumnado que, tendo superados os ámbitos lingüístico e social e científico e matemático, teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, e de maneira excepcional en tres, sempre que o equipo docente considere que o alumno ou alumna pode seguir con éxito o curso seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución educativa. Para estes efectos, o ámbito de linguas estranxeiras terá a consideración dunha materia. O alumnado poderá permanecer un ano máis no segundo curso do programa, sempre que o equipo docente considere esta medida como a máis adecuada para cursar cuarto curso da educación secundaria obrigatoria pola vía ordinaria, e obter o título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

Para os alumnos/as que finalicen a etapa despois de cursar un Programa de Mellora da Aprendizaxe e Rendemento o cálculo da cualificación final farase sen ter en conta as cualificacións obtidas nas materias que non superase antes da data da súa incorporación ó programa (*conforme resolución do 9 de xuño da Dirección de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa*).

Titulación: 4.º ESO

Hasta la entrada en vigor de la normativa resultante del Pacto de estado social y político por la educación la evaluación regulada en el artículo 29 de la ley orgánica 2/2006, de 3 de mayo, será considerada muestral y tendrá finalidad diagnóstica. Los títulos de graduado en ESO expedidos hasta la entrada en vigor de la normativa resultante del Pacto de Estado social y político por la educación permitirán acceder indistintamente a cualquiera de las enseñanzas postobligatorias recogidas en el artículo 3.4 de la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo.

Real Decreto-ley 5/2016 de 9 de diciembre, de medidas urgentes para la implantación de la Ley Orgánica 8/2013, de 9 de diciembre, para la mejora de la calidad educativa.

Os alumnos de 4º de ESO que teñan 1 ou 2 materias suspensas obterán o título de graduado en educación secundaria se cumpren cada unha das condicións seguintes:

- Ter amosado interese en cada unha das materias suspensas ó longo do curso.
- Que non sexan simultaneamente Lingua galega e literatura e Matemáticas ou Lingua castelá e literatura e Matemáticas.
- A estes efectos, as materias coa mesma denominación en diferentes cursos da educación secundaria obrigatoria considéranse como materias distintas. Sen prexuízo do anterior, para obter o título será preciso que o equipo docente considere que o alumno ou alumna ten acadados os obxectivos da etapa e adquiridas as competencias correspondentes.

Crterios de titulación do IES Mugar dos

Se unha vez realizadas as probas extraordinarias un alumno/a ten **unha ou dúas materias non superadas**, o equipo avaliador poderá **non considerar a concesión do título** en caso de que nalgunha delas existira durante o curso situación de abandono (*).

No caso de que, unha vez realizadas as probas extraordinarias, un alumno/a **teña unha ou dúas materias non superadas**, **podría obter a titulación** excepcionalmente se:

- A cualificación obtida nas probas extraordinarias das tres materias é maior ou igual a tres.
- En ningunha das tres materias existise durante o curso situación de abandono (*).
- As tres materias avaliadas negativamente non sexan as tres instrumentais: Lingua

castelá, Lingua galega e Matemáticas.

A decisión de titulación tomarase por consenso. O equipo docente deberá determinar de maneira razoada a súa titulación tendo en conta que a natureza e o peso das materias suspensas non lle impidan alcanzar as competencias e os obxectivos da etapa. En caso de discrepancias, realizarase unha votación do equipo de profesores/as na que se decidirá, por maioría simple a promoción ou non do alumno/a. Nesa votación cada profesor/a emitirá un voto por área ou materia impartida. Todos os membros do equipo docente da avaliación están obrigados a votar, chegado o caso, **si** ou **non** á promoción.

Para a aplicación destes criterios é necesario que o alumno se presente ás probas extraordinarias de setembro.

Considerarase situación de abandono cando se dea algunha das seguintes circunstancias:

- Non traer con regularidade o material necesario para o desenvolvemento das actividades de clase.
- Negarse a facer as tarefas de clase ou non participar nas actividades propostas incluídas as probas de avaliación.
- Non responder aos esforzos e medidas de atención destinadas a superar as dificultades nas materias avaliadas negativamente.

Os posibles casos de abandono serán notificados ás familias pola xefatura de estudos. Para iso o profesor/a da materia obxecto de abandono emitirá un informe onde se detallarán as circunstancias do mesmo, que entregará ao titor/a para a súa valoración e tramitación diante da Xefatura de Estudos.

A nota media da etapa será a media das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das materias cursadas na etapa, expresada nunha escala de 1 a 10 con dúas cifras decimais, redondeada á centésima máis próxima e, no caso de equidistancia, á superior. A estes efectos, a situación de "non presentado/a" (NP) na avaliación extraordinaria equivalerá á cualificación numérica obtida para a mesma materia en proba ordinaria.

Para os alumnos que finalicen a etapa despois de cursar un Programa de Mellora da Aprendizaxe e Rendemento o cálculo da cualificación final farase sen ter en conta as

cualificacións obtidas nas materias que non superase antes da data da súa incorporación ao programa (*conforme resolución do 9 de xuño da Dirección de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa*).

Promoción: 1.º BACHARELATO

Os alumnos e as alumnas terán promoción de primeiro a segundo de bacharelato cando teñan superadas as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias, como máximo. En todo caso, deberán matricularse en segundo curso das materias pendentes de primeiro. Para os efectos deste apartado, só se computarán as materias que como mínimo o alumno ou a alumna deben cursar en cada un dos bloques. No bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua Galega e Literatura, con independencia de que os alumnos e as alumnas poidan cursar máis materias do devandito bloque.

Os alumnos e alumnas que non cumpran con estas condicións de promoción deberán matricularse de todas as materias e repetir curso na súa totalidade

Para a aplicación destes criterios é necesario que o alumno se presente ás probas extraordinarias de setembro.

Titulación BACHARELATO

Hasta la entrada en vigor de la normativa resultante del Pacto de estado social y político por la educación, la evaluación de bachillerato para el acceso a la Universidad regulada por el artículo 36 bis de la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, no será necesaria para obtener el título de Bachiller y se realizará exclusivamente para el alumnado que quiera acceder a estudios universitarios.

Real Decreto-ley 5/2016 de 9 de diciembre, de medidas urgentes para la implantación de la Ley Orgánica 8/2013, de 9 de diciembre, para la mejora de la calidad educativa.

Obterán o título de bacharelato os alumnos/as que teñan avaliación positiva en todas as materias. A estes efectos só se computarán as materias que como mínimo o alumno ou a alumna deben cursar en cada bloque. No bloque de materias de libre configuración

autonómica só se computará Lingua galega e Literatura, con independencia de que os alumnos e as alumnas poidan cursar máis materias en dito bloque.

A superación das materias de segundo curso que se indican no seguinte cadro estará condicionada á superación das materias de primeiro curso indicadas, por implicar continuidade:

1º curso de bacharelato	2º curso de bacharelato
Lingua Galega e Literatura I	Lingua Galega e Literatura II
Lingua Castelá e Literatura I	Lingua Castelá e Literatura II
Matemáticas I	Matemáticas II
Primeira Lingua Estranxeira I	Primeira Lingua Estranxeira II
Debuxo Técnico I	Debuxo Técnico II
Latín I	Latín II
Grego I	Grego II
Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I	Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II
Fundamentos da Arte I	Fundamentos da Arte II
Cultura Audiovisual I	Cultura Audiovisual II
Análise Musical I	Análise Musical II
Debuxo Artístico I	Debuxo Artístico II
Segunda Lingua Estranxeira I	Segunda Lingua Estranxeira II
Tecnoloxía Industrial I	Tecnoloxía Industrial II
Tecnoloxías da Información e da Comunicación I	Tecnoloxías da Información e da Comunicación II
Física e Química	Física/Química
Bioloxía e Xeoloxía	Bioloxía/Xeoloxía

Criterios para a titulación de graduado ESO ao alumnado de F.P. Básica

Os alumnos e alumnas que obteñan un título de formación profesional básica poderán obter o título de graduado en educación secundaria obrigatoria, sempre que, na avaliación final do ciclo formativo, o equipo docente considere que alcanzaron os obxectivos da educación secundaria obrigatoria e adquiriron as competencias correspondentes. Nestes casos, a cualificación derradeira de educación secundaria obrigatoria será a cualificación media obtida nos módulos asociados aos bloques comúns previstos no artigo 42.4 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

Ao remate da sesión de avaliación, o equipo docente emitirá e asinará un informe por cada un dos alumnos ou alumnas que non obtiveran o título de graduado na ESO.

Título de graduado ESO para o alumnado de Formación Profesional Básica

Os alumnos e alumnas que obteñan un título de formación profesional básica poderán obter o título de graduado en educación secundaria obrigatoria, sempre que, na avaliación final do ciclo formativo, o equipo docente considere que alcanzaron os obxectivos da educación secundaria obrigatoria e adquiriron as competencias correspondentes. Nestes casos, a cualificación derradeira de educación secundaria obrigatoria será a cualificación media obtida nos módulos asociados aos bloques comúns previstos no artigo 42.4 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

Curso 20...../20.....

ALUMNO/A	
----------	--

Obxectivos da educación secundaria obrigatoria	Acadado	Non acadado
<i>DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.</i>		
a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.		
b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.		
c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.		
d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.		
e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.		
f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.		
g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.		

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.		
i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.		
l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.		
m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.		
n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.		
ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.		
o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.		

Competencias clave	Adquirida	Non Adquirida
Comunicación lingüística (CCL)		
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)		
Competencia dixital (CD)		
Aprender a aprender (CAA)		
Competencias sociais e cívicas (CSC)		
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)		
Conciencia e expresións culturais (CCEC)		

O equipo docente do segundo curso de FP Básica *Agroxardinaría e composicións florais* considera que o/a alumno/a

NON acadou os obxectivos e competencias da educación secundaria obrigatoria.

Equipo docente

O/a titor/a

Mugardos, de, 20.....

Criterios para a concesión de Matrículas de Honra

ESO

O alumnado que, despois da avaliación ordinaria do mes de xuño do cuarto curso, obtivera unha nota media da etapa igual ou superior a 9, poderá obter a distinción de Matrícula de Honra (MH). Esta distinción concederáse a un número non superior ao 5%, ou fracción resultante superior a quince do conxunto do alumnado matriculado no centro educativo no cuarto curso. En todo caso, esta distinción adoptarase conforme aos criterios previamente acordados e establecidos na Comisión de Coordinación Pedagóxica e consignarase nos documentos de avaliación mediante unha dilixencia específica.

En caso de empate e superación do 5% outorgarase tendo en conta a media de cualificacións de 4º da ESO e de resultar empates recorrerase progresivamente ás notas de 3º, 2º e 1º da ESO.

O outorgamento desta distinción farase unha vez pasado o período de reclamacións.

BACHARELATO

Os alumnos e as alumnas que obtivesen no 2º curso de bacharelato unha nota media igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de Matrícula de Honra. A dita mención concederáselle a un número de alumnos non superior ao 5% do total de alumnado deste curso. De superar esa porcentaxe valorarase as cualificacións de 1º de bacharelato. Este será tamén o procedemento a seguir en caso de empate.

O outorgamento desta distinción farase unha vez pasado o período de reclamacións.

Aspectos xerais para a elaboración e divulgación das programacións didácticas

Nos relativo ós aspectos xerais para a elaboración das programacións didácticas séguese a lexislación vixente explicitada no Decreto regulador da ESO e do Bacharelato.

Todos os departamentos entregarán perante a Xefatura de Estudos os documentos cos seguintes apartados:

1. **Introdución e contexto**
2. **Contribución ao desenvolvemento da Concreción que recolle a materia que formará parte do currículo.**
3. **Concreción, de ser o caso**
4. **Concreción para cada curso**
 - 1º. Temporalización
 - 2º. Grao mínimo de profundización
 - 3º. Procedementos
5. **Concrecións metodolóxicas**
6. **Materiais e recursos didácticos**
7. **Criterios sobre a avaliación**
8. **Indicadores de logro por curso**
9. **Organización das actividades das materias pendentes.**
10. **Organización dos procedementos de coñecementos necesarios para o bacharelato.**
11. **Deseño da avaliación que poidan adoptar como modelo**
12. **Medidas de atención á diversidade**
13. **Concreción dos elementos de avaliación que correspondan.**
14. **Actividades complementarias do departamento didáctico**
15. **Mecanismos de revisión das programacións didácticas en relación co currículo**

Para divulgalo ante a comunidade educativa o Centro ten establecido un sistema de resumo de programacións no que se recollen os aspectos básicos. Estas miniprogramacións servirán para manter informado ao alumnado e ás familias. Para iso, poranse a disposición dos interesados en calquera momento que o soliciten e subiranse á web a comezo de cada curso.

Itinerarios e optatividade na ESO

1.º ESO

Comúns		
<input checked="" type="checkbox"/>	Bioloxía e xeoloxía [4 horas]	
<input checked="" type="checkbox"/>	Xeografía e historia [3 horas]	
<input checked="" type="checkbox"/>	Educación física [2 horas]	
<input checked="" type="checkbox"/>	Lingua castelá e literatura [4 horas]	
<input checked="" type="checkbox"/>	Lingua galega e literatura [4 horas]	
<input checked="" type="checkbox"/>	Matemáticas [3 horas]	
<input checked="" type="checkbox"/>	Educación plástica, visual e audiovisual [2 horas]	
Libre configuración		
<input checked="" type="checkbox"/>	Promoción de estilos de vida saudables [1 hora]	
Alternativas de lingua estranxeira		
<input checked="" type="checkbox"/>	Lingua estranxeira - Inglés [3 horas]	
<input checked="" type="checkbox"/>	2ª Lingua estranxeira - Francés [2 horas]	
Exento de 2º Idioma (Substituído por reforzo-apoio)		SI
		NON

ELECCIÓN	
RELIXIÓN OU VALORES SOCIAIS [1h]	
<input type="checkbox"/>	Relixión (Cal:.....)
<input type="checkbox"/>	Valores Sociais e Cívicos

2.º ESO

Comúns		
<input checked="" type="checkbox"/>	Física e química [3 horas]	
<input checked="" type="checkbox"/>	Xeografía e historia [3 horas]	
<input checked="" type="checkbox"/>	Educación física [2 horas]	
<input checked="" type="checkbox"/>	Lingua castelá e literatura [3 horas]	
<input checked="" type="checkbox"/>	Lingua galega e literatura [3 horas]	
<input checked="" type="checkbox"/>	Matemáticas [3 horas]	
<input checked="" type="checkbox"/>	Música [2 horas]	
<input checked="" type="checkbox"/>	Tecnoloxía [3 horas]	
Libre configuración		
<input checked="" type="checkbox"/>	Investigación e tratamento da información [1 hora]	
Alternativas de lingua estranxeira		
<input checked="" type="checkbox"/>	Lingua estranxeira - Inglés [3 horas]	
<input checked="" type="checkbox"/>	2ª Lingua estranxeira - Francés [2 horas]	
Exento de 2º Idioma (Substituído por reforzo-apoio)		SI
		NON

ELECCIÓN	
RELIXIÓN OU VALORES SOCIAIS [1h]	
<input type="checkbox"/>	Relixión (Cal:.....)
<input type="checkbox"/>	Valores Sociais e Cívicos

3.º ESO

Comúns	
<input checked="" type="checkbox"/>	Xeografía e historia [3 horas]
<input checked="" type="checkbox"/>	Bioloxía e xeoloxía [2 horas]
<input checked="" type="checkbox"/>	Física e química [2 horas]
<input checked="" type="checkbox"/>	Lingua castelá e literatura [3 horas]
<input checked="" type="checkbox"/>	Lingua galega e literatura [3 horas]
<input checked="" type="checkbox"/>	Educación física [2 horas]
<input checked="" type="checkbox"/>	Educación plástica, visual e audiovisual [2 horas]
<input checked="" type="checkbox"/>	Música [2 horas]
<input checked="" type="checkbox"/>	Tecnoloxía [2 horas]
Alternativas de lingua estranxeira	
<input checked="" type="checkbox"/>	Lingua estranxeira - Inglés [3 horas]

ELECCIÓN	
MODALIDADE DE MATEMÁTICAS [4h]	
<input type="checkbox"/>	Matemáticas Académicas
<input type="checkbox"/>	Matemáticas Aplicadas
RELIXIÓN OU VALORES SOCIAIS [1h]	
<input type="checkbox"/>	Relixión (Cal:.....)
<input type="checkbox"/>	Valores Sociais e Cívicos
OPTATIVA [2h]	
<input type="checkbox"/>	Francés
<input type="checkbox"/>	Cultura Clásica

4.º ESO

Comúns
<input checked="" type="checkbox"/> Xeografía e historia [3 horas]
<input checked="" type="checkbox"/> Lingua castelá e literatura [3 horas]
<input checked="" type="checkbox"/> Lingua galega e literatura [3 horas]
<input checked="" type="checkbox"/> Educación física [2 horas]
Alternativas de lingua estranxeira
<input checked="" type="checkbox"/> Lingua estranxeira - Inglés [3 horas]

ELECCIÓN
RELIXIÓN OU VALORES SOCIAIS [1h]
<input type="checkbox"/> Relixión (Cal:.....)
<input type="checkbox"/> Valores Sociais e Cívicos

Estudios orientados ás ensinanzas ACADÉMICAS <input type="checkbox"/>	Estudios orientados ás ensinanzas APLICADAS <input type="checkbox"/>
Matemáticas orient. ás ensin. académicas [4 horas]	Matemáticas orient. ás ensin. aplicadas [4 horas]

TRONCAIS – OPCIÓN A <input type="checkbox"/> Bioloxía e xeoloxía [2 horas] Física e química [3 horas]	TRONCAIS – Elidir dúas: <input type="checkbox"/> Iniciación á actividade emprendedora e empresarial [3 horas] <input type="checkbox"/> Ciencias aplicadas á actividade profesional [3 horas] <input type="checkbox"/> Tecnoloxía [3 horas]
TRONCAIS – OPCIÓN B <input type="checkbox"/> Economía [3 horas] Latín [3 horas]	

OPTATIVAS
 Cursaranse *dúas* segundo o resultado total da matrícula e dispoñibilidade do centro [6 horas]
 Numera por orde de preferencia:

N.º _____ Segunda lingua estranxeira – Francés

N.º _____ Educación Plástica, Visual e Audiovisual

N.º _____ Música

N.º _____ Cultura clásica

N.º _____ Artes escénicas e danza

N.º _____ Cultura científica

N.º _____ Filosofía

N.º _____ Tecnoloxía da Información e Comunicación [TIC]

N.º _____ Unha troncal non elixida. Indicar cal:

En 4.º ESO o IES de Mugardos ten establecidos dous itinerarios coas troncais de opción da modalidade de Estudos orientados ás ensinanzas académicas. Por unha banda, o itinerario de ciencias que cursa conxuntamente *Bioloxía e Xeoloxía e Física e Química*; e por outra, o itinerario de humanidades e ciencias sociais que cursa *Economía e Latín*.

Modalidades, itinerarios e optatividade no Bacharelato

No IES de Mugardos impártense dúas modalidades de Bacharelato:

- Ciencias
- Humidades e Ciencias Sociais

As materias clasifícanse nos seguintes bloques:

- Troncais obrigatorias
- Específicas
- Libre configuración autonómica obrigatoria
- Libre configuración autonómica

Ademais, o IES de Mugardos oferta varias materias de libre configuración de centro:

1.º Bac. - Obradoiro de teatro: 1 hora
- Lingua e cultura portuguesa: 1 hora

2.º Bac. - Obradoiro de teatro: 1 hora
- Actividade física: 2 horas
- Lingua e cultura portuguesa: 1 hora

MATERIAS TRONCAIS E OBRIGATORIAS [14 horas]

- | | |
|------------------------------------|-----------------------|
| Lingua galega e Literatura I [3h] | Filosofía [3h] |
| Lingua castelá e Literatura I [3h] | Educación Física [2h] |
| Primeira Lingua Estranxeira I [3h] | |



MATERIA TRONCAL DE MODALIDADE OBRIGATORIA

Matemáticas I [4h]

MATERIAS TRONCAIS DE OPCIÓN:

Elixir un itinerario

<input type="checkbox"/> ITINERARIO A Física e Química [4h] Bioloxía e Xeoloxía [4h]	ou	<input type="checkbox"/> ITINERARIO B Física e Química [4h] Debuxo Técnico I [4h]
---	----	--

ESPECIFICAS DE OPCIÓN E DE LIBRE CONFIGURACIÓN

Elixe unha soa opción e numera por orde de preferencia os recadros de cada columna. En calquera caso sempre deben sumar 6 horas. Impartiranse materias con número de alumnado igual ou superior a 10.

OPCIÓN 1 [4+2]	
<p><i>Sinala só unha materia non elixida anteriormente ou numera por orde de preferencia</i></p> <p><input type="checkbox"/> Bioloxía e Xeoloxía [4h] Nº _____</p> <p><input type="checkbox"/> Debuxo Técnico I [4h] Nº _____</p> <p><input type="checkbox"/> Economía (<i>bilingüe</i>) Nº _____ ou outra troncal de cc.ss-humanidades:</p> <p>.....</p> <p><small>(Materia troncal de opción de 4 h do bac. de letras e cc.ss)</small></p>	<p><i>Numera por orde de preferencia. Só cursarás unha:</i></p> <p><input type="checkbox"/> Cultura Científica [2h] Nº _____</p> <p><input type="checkbox"/> Francés I [2h] Nº _____</p> <p><input type="checkbox"/> TIC I [2h] Nº _____</p>

OPCIÓN 2 [3+1+2] <i>Sinala só unha materia de cada bloque ou numera por orde de preferencia.</i>		
<p><input type="checkbox"/> Anatomía aplicada [3h] Nº _____</p> <p><input type="checkbox"/> Linguaxe e prác. musical 3h] Nº _____</p> <p><input type="checkbox"/> Tecnoloxía industrial I [3] Nº _____</p> <p><input type="checkbox"/> Debuxo Artístico I [3] Nº _____</p>	<p><input type="checkbox"/> Obradoiro de teatro [1h] Nº _____</p> <p><input type="checkbox"/> Reforzo de inglés [1h] Nº _____</p> <p><input type="checkbox"/> Lingua e cult. portuguesa[1h] Nº _____</p> <p><input type="checkbox"/> Relixión [1h] Nº _____</p>	<p><input type="checkbox"/> Cultura Científica [2h] Nº _____</p> <p><input type="checkbox"/> Francés I [2h] Nº _____</p> <p><input type="checkbox"/> TIC I [2h] Nº _____</p> <p><input type="checkbox"/> Antropoloxía [2h] Nº _____</p> <p><input type="checkbox"/> Literaturas Hispánicas [2h] Nº _____</p> <p style="text-align: center; font-size: small;"><i>Antropoloxía e Literaturas Hispánicas só se poden elixir con Relixión nesta opción</i></p>

MATERIAS TRONCAIS E OBRIGATORIAS

- | | |
|------------------------------------|-----------------------|
| Lingua galega e Literatura I [3h] | Filosofía [3h] |
| Lingua castelá e Literatura I [3h] | Educación Física [2h] |
| Primeira Lingua Estranxeira [3h] | |



MATERIA TRONCAL DE MODALIDADE OBRIGATORIA *Elixe unha modalidade:*

<input type="checkbox"/> CIENCIAS SOCIAIS Matemáticas aplicadas ás CCSS I [4h]	<input type="checkbox"/> HUMANIDADES Latín I [4h]
---	--

MATERIAS TRONCAIS DE OPCIÓN:

Economía [4h] <hr/> Historia do Mundo Contemporáneo [4h]	Historia do Mundo Contemporáneo [4h] Elixe unha: <input type="checkbox"/> Grego I [4h] <input type="checkbox"/> Literatura Universal [4h]
---	--

ESPECIFICAS DE OPCIÓN E DE LIBRE CONFIGURACIÓN

*Elixe unha soa opción e numera por orde de preferencia os recadros de cada columna. **Sempre deben sumar 6 horas.** Impartiranse materias con número de alumnado igual ou superior a 10.*

OPCIÓN 1 [4+2] <i>Sinala só unha materia de cada bloque ou numera por orde de preferencia.</i>	
<i>Sinala unha ou numera varias por preferencia:</i> <input type="checkbox"/> Economía (<i>bilingüe</i>) [4h] N° _____ <input type="checkbox"/> Grego I [4h] N° _____ <input type="checkbox"/> Literatura Universal [4h] N° _____ <input type="checkbox"/> Outra: N° _____ <i>(Materia troncal de opción de 4h do bac. de ciencias)</i>	<i>Numera por orde de preferencia. Só cursarás unha:</i> <input type="checkbox"/> Cultura Científica [2h] N° _____ <input type="checkbox"/> Francés I [2h] N° _____ <input type="checkbox"/> TIC I [2h] N° _____

OPCIÓN 2 [3+1+2]		
<input type="checkbox"/> Anatomía aplicada [3h] N° ____ <input type="checkbox"/> Linguaxe e prác. musical 3h) N° ____ <input checked="" type="checkbox"/> Tecnoloxía industrial [3] N° ____ <input type="checkbox"/> Debuxo Artístico I [3] N° ____	<input type="checkbox"/> Obradoiro de teatro [1h] N° ____ <input type="checkbox"/> Reforzo de inglés [1h] N° ____ <input type="checkbox"/> Lingua e cult. portuguesa[1h] N° ____ <input type="checkbox"/> Relixión [1h] N° ____	<i>Numera por orde de preferencia. Cursarás unha:</i> <input type="checkbox"/> Cultura Científica [2h] N° ____ <input type="checkbox"/> Francés I [2h] N° ____ <input type="checkbox"/> TIC I [2h] N° ____ <input type="checkbox"/> Antropoloxía [2h] N° ____ <input type="checkbox"/> Literaturas Hispánicas [2h] N° ____ <i>Antropoloxía e Literaturas Hispánicas só se poden elixir con Relixión nesta opción</i>

MATERIAS TRONCAIS E OBRIGATORIAS [14 horas]Lingua galega e Literatura II [3h]
Lingua castelá e Literatura II [3h]Historia de España [3h]
Primeira Lingua Estranxeira II [3h]**MATERIAS TRONCAIS OBRIGATORIA E OPCIÓN:**

Elixe un itinerario e unha opción tendo en conta a continuidade do primeiro curso. Impartiranse materias con número de alumnado igual ou superior a 5, agás as derivadas de primeiro.

ITINERARIO A	ou	ITINERARIO B
<input type="checkbox"/> Matemáticas II [4h] <input type="checkbox"/> Física [4h]		<input type="checkbox"/> Matemáticas II [4h] <input type="checkbox"/> Bioloxía [4h]
Elixir unha: <input type="checkbox"/> Química ou <input type="checkbox"/> Xeoloxía [4h] ou <input type="checkbox"/> Debuxo Técnico II [4h]		

ESPECIFICAS DE OPCIÓN E DE LIBRE CONFIGURACIÓN

Elixe unha soa opción e numera por orde de preferencia os recadros de cada columna. En calquera caso sempre deben sumar 8 horas. Impartiranse materias con número de alumnado igual ou superior a 10.

OPCIÓN 1 [4+3+1]		
<p><i>Sinala materias non elixidas anteriormente tendo en conta a continuidade de 1ºBAC.</i></p> <input type="checkbox"/> Bioloxía [4h] <input type="checkbox"/> Xeoloxía [4h] <input type="checkbox"/> Debuxo Técnico II [4h] <input type="checkbox"/> Física [4h] <input type="checkbox"/> Química [4h] <input type="checkbox"/> Historia da Filosofía [4h]	<p><i>Numera por orde de preferencia. Só cursarás unha.</i></p> Ciencias da Terra e do M. Ambiente [3h] N.º _____ Fundamentos da Admón. e Xestión [3h] N.º _____ Historia da Música e a Danza [3h] N.º _____ Imaxe e Son [3h] N.º _____ Psicoloxía [3h] N.º _____ Francés II [3h] N.º _____ Tecnoloxía Industrial II [3h] N.º _____ TIC II [3h] N.º _____	<input type="checkbox"/> Relixión [1h] N.º _____ <input type="checkbox"/> Obradoiro de teatro [1h] N.º _____ <input type="checkbox"/> Lingua e cult. portuguesa [1h] N.º _____ <input type="checkbox"/> Reforzo de inglés [1h] N.º _____
OPCIÓN 2 [3+3+2]		
<p><i>Numera por orde de preferencia. Cursarás dúas.</i></p> Ciencias da Terra e do Medio Ambiente [3h] N.º _____ Fundamentos da Admón. e Xestión [3h] N.º _____ Historia da Música e a Danza [3h] N.º _____ Imaxe e Son [3h] N.º _____ Psicoloxía [3h] N.º _____ Francés II [3h] N.º _____ Tecnoloxía Industrial II [3h] N.º _____ TIC II [3h] N.º _____	<p><i>Numera por orde de preferencia. Só cursarás unha.</i></p> Ética e Filosofía do Dereito [2h] N.º _____ Filosofía da Ciencia e da Tecnoloxía [2h] N.º _____ Métodos Estatísticos e Numéricos [2h] N.º _____ Xeografía e Historia de Galicia [2h] N.º _____ Patrimonio Artístico e Cultural de Galicia [2h] N.º _____ Literatura Galega do séc. XX e actualidade [2h] N.º _____ Actividade Física e Hábitos Saudables [2h] N.º _____	

MATERIAS TRONCAIS E OBRIGATORIAS

Lingua galega e Literatura II [3h] Historia de España [3h]
Lingua castelá e Literatura II [3h] Primeira Lingua Estranxeira II [3h]



MATERIA TRONCAL DE MODALIDADE OBRIGATORIA

*Elixir unha modalidade tendo en conta a continuidade do primeiro curso:
Impartiranse materias con número de alumnado igual ou superior a 5, agás derivadas do primeiro curso.*

<input type="checkbox"/> CIENCIAS SOCIAIS Matemáticas aplicadas ás CCSS II [4h] Historia da Filosofía [4]	ou	<input type="checkbox"/> HUMANIDADES Latín II [4h] Historia da Filosofía [4]
---	----	--

MATERIAS TRONCAIS DE OPCIÓN:

Numera por orde de preferencia. Cursarás unha.

N.º <u> </u> Economía de empresa [4h]	N.º <u> </u> Grego II [4h]	N.º <u> </u> Historia da Arte [4h]	N.º <u> </u> Xeografía [4h]
---	--------------------------------------	--	---------------------------------------

ESPECIFICAS DE OPCIÓN E DE LIBRE CONFIGURACIÓN

Elixe unha soa opción e numera por orde de preferencia os recadros de cada columna. En calquera caso sempre deben sumar 8 horas. Impartiranse materias con número de alumnado igual ou superior a 10.

OPCIÓN 1 [4+3+1]		
<p><i>Sinala materias non elixidas anteriormente tendo en conta a continuidade do primeiro curso.</i></p> <input type="checkbox"/> Economía de empresa [4h] <input type="checkbox"/> Grego II [4h] <input type="checkbox"/> Historia da Arte [4h] <input type="checkbox"/> Historia da Filosofía [4h] <input type="checkbox"/> Xeografía [4h] <input type="checkbox"/> Outra: _____	<p><i>Numera por orde de preferencia. Só cursarás unha.</i></p> Ciencias da Terra e do M. Ambiente [3h] N.º _____ Fundamentos da Admón. e Xestión [3h] N.º _____ Historia da Música e a Danza [3h] N.º _____ Imaxe e Son [3h] N.º _____ Psicoloxía [3h] N.º _____ Francés II [3h] N.º _____ Tecnoloxía Industrial II [3h] N.º _____ TIC II [3h] N.º _____	<input type="checkbox"/> Relixión [1h] N.º _____ <input type="checkbox"/> Obradoiro de teatro [1h] N.º _____ <input type="checkbox"/> Lingua e cult. portuguesa [1h] N.º _____ <input type="checkbox"/> Reforzo de inglés [1h] N.º _____
<small>(Materia troncal de opción de 4h do bac. de Ciencias)</small>		

OPCIÓN 2 [3+3+2]	
<p><i>Numera por orde de preferencia. Cursarás dúas.</i></p> Ciencias da Terra e do Medio Ambiente [3h] N.º _____ Fundamentos da Admón. e Xestión [3h] N.º _____ Historia da Música e a Danza [3h] N.º _____ Imaxe e Son [3h] N.º _____ Psicoloxía [3h] N.º _____ Francés II [3h] N.º _____ Tecnoloxía Industrial II [3h] N.º _____ TIC II [3h] N.º _____	<p><i>Numera por orde de preferencia. Só cursarás unha.</i></p> Ética e Filosofía do Dereito [2h] N.º _____ Filosofía da Ciencia e da Tecnoloxía [2h] N.º _____ Métodos Estatísticos e Numéricos [2h] N.º _____ Xeografía e Historia de Galicia [2h] N.º _____ Patrimonio Artístico e Cultural de Galicia [2h] N.º _____ Literatura Galega do séc. XX e actualidade [2h] N.º _____ Actividade Física e Hábitos Saudables [2h] N.º _____

ANEXOS

- Anexo V: [**Plan de Orientación académica e profesional**](#)
- Anexo VI: [**Plan de Acción Titorial**](#)
- Anexo VII: [**Plan Lector**](#)
- Anexo VIII: [**Proxecto Lingüístico**](#)
- Anexo IX: [**Proxecto TIC**](#)
- Anexo X: [**Plan de Fomento da Lingua Galega**](#)

LIGAZÓNS